

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP DE VIÑAGRANDE -DEIRO

2019/2020

DATA DE INFORMACIÓN AO CLAUSTRO: 08/01/2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 09/01/2020

DATA DE REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 10/01/2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento foi elaborado polo Equipo de Directivo, informado o Claustro e aprobado polo Consello Escolar.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

ÍNDICE

ÍNDICE

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	4
1.1. Contorno.....	4
1.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.....	4
1.3. Conflitividade detectada no centro.....	6
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.....	9
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.	10
3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.....	10
a) Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural	12
b) Acollida á familia no centro.....	13
c) Avaliación inicial e adscrición	14
d) Acollida do alumnado na aula.....	14
e) Medidas de acceso ao currículo organizativas e de funcionamento.....	15
f) Desenvolvemento de competencias interculturais.....	16
g) Educación en valores e promoción e control da convivencia	17
h) Estratexias metodolóxicas.....	17
i) Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.	17
j) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.....	18
k) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.....	19
l) Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.....	20
m) Aula de convivencia inclusiva	20
3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:	21
3.3. Protocolo de Absentismo.	24
3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.	25
3.5. Normas de convivencia do centro	25
3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.	35

3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro.....	40
3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	41
3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	43
3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.	43

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

1.1. CONTORNO

CONTORNO FÍSICO

O CEIP de Viñagrande-Deiro está situado nunha zona rural-mariñeira, na parroquia de San Miguel de Deiro, no concello de Vilanova de Arousa. A súa poboación distribúese en pequenos núcleos formados por vivendas unifamiliares.

CONTORNO SOCIAL

A **actividade económica** que predomina na zona é principalmente o sector primario e a maioría das familias posúen estudos primarios.

Predomina un **tipo de familia** nuclear, que adoita estar formada por un ou ambos proxenitores e un ou varios fillos/as, e existe unha porcentaxe significativa de familias nas que ademais convive outro membro (avó, avoa...).

O CEIP de Viñagrande-Deiro traballa conxuntamente coa ANPA e ten establecida unha relación positiva coas **institucións** da contorna (Concello, outros centros educativos...).

Lingüisticamente trátase dunha zona cunha tendencia clara de predominio do castelán. Hai familias galego falantes que na comunicación directa e diaria cos seus fillos ou fillas utilizan o castelán. Tamén atopamos familias que teñen como lingua materna o galego, usándoo a diario con todos os membros da unidade familiar e, sen embargo, obsérvase que na escola, este alumnado cambia a súa lingua a favor do castelán na relación cos seus iguais.

1.2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA.

Titularidade:

O CEIP de Viñagrande- Deiro é unha escola de titularidade pública que consta dunha liña educativa e imparte ensinanzas de:

- 2º ciclo de Educación Infantil
- Etapa de Educación Primaria.

Este centro está adscrito ao IES A BASELLA.

Servizos complementarios:

O centro conta con servizo de Transporte Escolar, do cal fai só uso un terzo do alumnado.

A maioría realiza o desprazamento en coche particular.

Renovación Pedagógica:

Dende o curso escolar 2014-2015 o centro atópase nun proceso de cambio, tanto a nivel organizativo como metodolóxico. Dito cambio motivou un aumento da ratio, tendo alumnado matriculado procedente doutros concellos (A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Pontevedra...). No momento actual o centro ten matriculados/as 167 alumnos/as distribuídos/as do seguinte xeito:

- 44 alumnos e alumnas de Educación Infantil.
- 123 de Educación Primaria.

A nivel organizativo, o centro traballa con idades mesturadas en todos os niveis, a tempo completo no caso de Educación Infantil e especialidades, e parcialmente nas titorías de Educación Primaria.

Profesorado:

Todas as prazas do catálogo están cubertas con profesorado definitivo, agás a praza de Francés e de Audición e Linguaxe (AL).

Ao tratarse dun centro de menos de 12 unidades a praza de Orientación é compartida co CEIP de San Roque, e a praza de AL é itinerante co mesmo centro.

O Centro conta con sección bilingüe desde os niveis de 3º a 6º de Educación Primaria, na área de plástica.

Un grupo de catro docentes forman o Equipo de Convivencia que se reúne quincenalmente para canalizar iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa, realizar propostas, e coordinar o plan de convivencia escolar, así como desenvolver iniciativas que favorezan a integración de todo o alumnado.

No seo do Consello Escolar creouse a Comisión de Convivencia.

Dende o curso 2019-2020 participamos no programa de Educación Responsable, promovido pola Consellería de Educación, para o desenvolvemento emocional, afectivo e social non só do alumnado senón tamén do profesorado, axudando a: comprender aos demais, recoñecer e expresar emocións e ideas, desenvolver o autocontrol, aprender a tomar decisións responsables, valorar e coidar a saúde, mellorar as habilidades sociais...

Infraestruturas:

O centro ten un único edificio que acolle ao alumnado de Infantil e Primaria.

PRIMEIRA PLANTA:

- 3 aulas de Educación Infantil.
- Conserxaría.

- Sala do profesorado.
- Departamento de Orientación.
- Aula de música.
- Dirección.
- Aseos do profesorado.
- Aseos do alumnado de Educación Infantil.
- Cuarto da limpeza.
- Cuarto para o material do patio.

SEGUNDA PLANTA:

- Biblioteca.
- Radio.
- 6 aulas de Educación Primaria.
- 1 aula de AL/PT.
- 2 aseos.
- 1 cuarto de limpeza.

SOTO

- Ximnasio.
- Cuarto para gardar o material.

ZONA EXTERIOR

- Espazos verdes na zona dianteira do colexio.
- Espazo de uso de Infantil con parque (columpios, areeiro...) e diversas zonas verdes.
- Espazo de uso de Educación Primaria subdividido en dous novos espazos: zona de pistas (fútbol e baloncesto) e zona do “patio vivo” que se enmarca dentro do proxecto conxunto que están a desenvolver a ANPA e o centro.
- Horto escolar.
- Pequena edificación destinada a gardar material.

1.3. CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO

A información relacionada coa conflitividade xurde do Consello Escolar da Infancia, das aportacións do profesorado en diferentes reunións, ben de carácter informal (exemplo, comentarios na sala do profesorado) ou formal (exemplo, reunión coa Xefa do Departamento de Orientación), da consulta da memoria de final de curso e as propostas de mellora, das informacións facilitadas polas familias de xeito informal...

Os principais conflitos que se dan no centro son:

▪ **Entre o alumnado:**

- Ameazas ou insultos dentro do mesmo nivel e subgrupo ou diferente.
- Por alcumes ou rirse doutra persoa.
- Ocasionalmente, pegar ou facer dano a algún compañeiro/a.
- Emprego de videoxogos no seo familiar, a través dos cales establecen contacto con compañeiros/as do centro, que deterioran a relación posterior no centro polos conflitos xurdidos durante o xogo.

▪ **Entre o profesorado:**

- Diferenzas entre algún compañeiro/a.
- En ocasións, falta de puntualidade.
- Falta de valoración do traballo desenvolvido por outros compañeiros/as.
- Difusión de información inexacta sobre distintas situacións que ocorren no centro.
- Dificultades para establecer diferenciación entre aspectos profesionais e persoais.

▪ **Entre alumnado e profesorado:**

- Faltas de puntualidade.
- Interromper/ molestar ao profesorado cando da clase.
- Non seguir as instrucións do profesorado.
- Dirixirse ao outro (tanto profesorado coma alumnado) de forma irrespectuosa.
- Non sentirse escoitado/a.
- Sentir situacións inxustas e non poder comunicalas, por diferentes motivos.

▪ **Entre as familias:**

● Facer partícipes aos seus fillos/as, de diferenzas que teñen no exterior, interferindo na relación que puideran desenvolver de xeito natural.

● Tomar decisións e intervir sobre situacións cotiás ocorridas no contexto escolar entre o seu fillo/a e outro compañeiro/a, que forman parte da normalidade dun centro escolar e non son constitutivas de falta.

▪ **Entre familias e profesorado:**

● Acompañar ao seu fillo/a ata a aula, no momento da entrada, despois do período de adaptación.

● Diferenzas na forma de entender determinadas situacións, sensiblemente distintas segundo o entorno no que se produzan.

- Falta de contraste ante as versións relatadas polo alumnado de acontecementos na xornada escolar.

Todos estes conflitos teñen lugar nos seguintes espazos:

- Períodos de lecer.
- Corredores.
- Aulas.
- Aseos.
- Nas entradas e saídas da clase.
- Fóra do recinto escolar.

Dende o centro realízanse actividades e programas de intervención que intentan dotar ao alumnado de estratexias que lle faciliten a resolución de conflitos de xeito positivo. Para elo, dentro do horario lectivo, hai unha sesión semanal de tutoría, programas de Habilidades Sociais e Resolución de conflitos e o programa de Educación Responsable.

Cando estes programas non son suficientes, as actuacións habituais empregadas para solucionar os conflitos nomeados son as seguintes:

Conflitos ocorridos entre o alumnado:

- Dialogar.
- Tempos fóra.
- Realización de tarefas coa orientadora.
- Realización de tarefas coa persoa titora.

Conflitos ocorridos entre o profesorado:

- Reunión coa xefa de estudos e/ou co Equipo Directivo.
- Mediación doutros docentes.

Conflitos ocorridos entre profesorado e alumnado:

- Recordarlle as normas xerais de centro e de aula.
- Repasar cales son as súas obrigas (deberes).
- Diálogo.
- Comunicacións ao mestre/a titor/a e busca de solucións.

Conflitos ocorridos entre familias e profesorado:

- Recordarlle cales son as normas xerais de centro e de aula.
- Reunión co Equipo Directivo.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA

Os obxectivos que nos propoñemos implican a todos os membros da comunidade educativa.

Obxectivos para o profesorado:

1. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
2. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
3. Coñecer os distintos protocolos editados pola Consellería.
4. Facer uso das diferentes reunións que se realizan no centro (Claustro, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunións xerais do profesorado...) para propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.

Obxectivos para o profesorado, respecto ao alumnado:

1. Promover e desenvolver actividades que faciliten a relación cos seus iguais e cos adultos.
2. Fomento do diálogo e a comunicación.
3. Fomento da autonomía e responsabilidades por parte do alumnado, en función da súa idade.
4. Facilitar espazos e tempos para que o alumnado fale con liberdade de normas e conflitos.
5. Amoestar de xeito privado e individual, empregando a empatía e comprensión ante as explicacións ofrecidas, e manifestando a queixa de xeito asertivo (diferenciarase conduta de persoa: valórase a persoa e recrimínase a conduta).
6. Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas.
7. Empregar o exemplo de si mesmo para mellorar a convivencia na aula: falar nun ton baixo, ser puntual, ter programadas as sesións...
8. Intentar desenvolver disciplina respectuosa e buscar a autorregulación no alumnado, razoando debidamente as normas e as situacións.

Obxectivos para o alumnado:

1. Coñecer o regulamento das normas de convivencia do centro e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
2. Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
3. Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
4. Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
5. Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuizos.

Obxectivos para as familias:

1. Tomar conciencia da importancia dunha axeitada convivencia escolar e dos procedementos para melloralala.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
3. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, Observatorio da Convivencia...
4. Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
5. Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

Obxectivos para o persoal non docente:

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar e comisión de convivencia.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do Equipo Directivo.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS

3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS

Actividades do plan de acollida:

A. Acollida do profesorado

Cando un docente chega novo ao centro con carácter definitivo ofréceselle:

- Posibilidade de pasar unha xornada lectiva no centro antes do remate do curso no que lle foi asignada a praza.

A principio de curso, tanto aos docentes definitivos como provisionais, interinos/as ou substitutos/as:

- Reunión coa xefatura de estudos para explicar o funcionamento xeral do centro e ensinarlle os distintos espazos.

- Presentación ante todo o profesorado do centro o primeiro día de curso.

- Carpeta con diferente documentación (documentos de centro, propostas de mellora do curso anterior, manual do AbalarMóbil...).

- Asignación dun mestre afín á súa especialidade para favorecer unha mellor adaptación á metodoloxía e organización desenvolvidas no centro.

- Reunión coa xefa do Departamento de Orientación (no caso de que esta teña continuidade no centro) que lle facilite información sobre o alumnado sobre o que intervén o DO e co que vai a ter relación (exemplo, persoa titora, mestra de AL...).

Cando hai substitucións ao longo do curso o procedemento é similar ao anterior. A xefatura de estudos recibe ao profesorado e ensínalle os espazos do centro e preséntalle ao resto do profesorado. Entrégaselle o seu horario e explícaselle o funcionamento do centro (gardas de clase, transporte...) e dependendo de si é titor/a ou especialista infórmase sobre aqueles aspectos máis importantes a ter en conta do seu alumnado (NEAE, alerxias...).

B. Acollida do alumnado

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE NOVA INCORPORACIÓN (4º EI)

a) No período de admisión.

O Equipo Directivo recibirá ás familias durante o período de reserva de praza, realizando unha función informativa básica acerca da escola e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipaselles que no mes de xuño serán convocadas a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza do alumnado para coñecer a escola e todo o relativo ao proceso de incorporación destes.

b) Na primeira quincena de xuño.

Realizarase unha xornada de portas abertas.

c) Durante a segunda quincena de xuño.

O equipo de Educación Infantil fará unha xuntanza informativa xeral coas familias coordinada pola coordinadora de Educación Infantil. Facilitarase información práctica relativa á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo/a e farase fincapé na colaboración familia-escola.

d) Durante a primeira quincena de setembro.

Entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos sobre o alumno/a.

Reunión xeral coas familias para explicar normas xerais do centro e do funcionamento da aula.

e) Período de adaptación á xornada escolar.

Realizarase un período de adaptación para que, de xeito progresivo, se vaian adaptando ao mesmo. Para elo terase en conta a Orde de calendario escolar.

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA QUE SE INCORPORA POR PRIMEIRA VEZ AO CENTRO, EN CIRCUNSTANCIAS NORMAIS.

a) No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula

O Equipo Directivo informará ás familias acerca da organización e funcionamento do centro.

b) Posibilidade de seguir un período de adaptación.

O alumnado que se incorpore por primeira vez ao centro, independentemente do curso e do momento do ano escolar, terá a oportunidade de seguir un período de adaptación, cunha duración máxima de 10 días lectivos.

Excepcionalmente, o DO e a persoa titora pode valorar casos individuais.

Alumnado inmigrante

A) SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NUNHA EDUCACIÓN INTERCULTURAL

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar á convivencia no marco duns valores esenciais compartidos.

Este labor levarase a cabo con:

- O alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan a asunción dos valores das sociedades democráticas e o desenvolvemento de habilidades e competencias sociais e de resolución pacífica de conflitos.

- As familias, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva das persoas doutras culturas que se incorporan á comunidade educativa.

- O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a boa integración de todos os alumnos/as.

B) ACOLLIDA Á FAMILIA NO CENTRO

● Recibimento

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto do alumnado e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor; a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirilles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o idioma, pódese recurrir a algunha familia que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

● Información achegada polo Centro

O membro do equipo directivo que reciba á familia, ademais de explicarlle cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- Sistema educativo español.
- Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora o alumno; división en cursos, sistema de avaliación, promoción, etc.
- O funcionamento do centro: quen somos, que facemos e que obxectivos pretendemos
- Documentos e normas do centro.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro. Horario do alumno.
- Canles de participación na vida do Centro.
- Procedemento e horario de atención ás familias, do profesorado e equipo directivo.
- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
- Material escolar necesario.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc. Pediráselles a pertinente autorización asinada.
- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.

- Servizos fóra da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.

- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

- Documentación solicitada.

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.

C) AVALIACIÓN INICIAL E ADSCRICIÓN

Con carácter xeral, o alumnado que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade.

Na Educación Primaria, se presenta un desfase na competencia curricular de máis de dous anos poderase escolarizar nun curso inferior. No caso de superar o desfase incorporárase ao curso que lle corresponda por idade (Decreto 105/2014, de 4 de setembro). Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase á xefatura de estudos, que decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Así mesmo, dentro da idade obrigatoria, o curso de incorporación pertencerá á ensinanza básica agás no caso do alumnado con NEE (disposición adicional terceira da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro).

D) A COLLIDA DO ALUMNADO NA AULA

- Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor/a, que posúe todos os datos do alumno/a novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros/as e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

- Alumnado tutor.

O profesor/a tutor/a pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro/a que axude, oriente e acompañe ao novo alumno/a, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes alumnos/as colocaranse á súa beira en clase, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

As principais tarefas do alumnado tutor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.

- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.

- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.

- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.

- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.

- Colaborar co tutor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

- Outras liñas de actuación na aula.

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno/a co fin de mellorar a súa autoestima e a consideración dos compañeiros/as mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión. É adecuado tamén impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

E) MEDIDAS DE ACCESO AO CURRÍCULO ORGANIZATIVAS E DE FUNCIONAMENTO

Cos resultados da avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, estableceranse as medidas de atención á diversidade máis axeitadas en cada caso concreto entre as que o centro desenvolve con carácter xeral conforme ao establecido no PXAD. Ademais, deberán desenvolverse:

- Medidas de coordinación

Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos a xefatura de estudos deberá prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información sobre os alumnos/as e a toma de decisións sobre a intervención. Para iso faise aconsellable determinar reunións periódicas co titor/a, o profesorado de apoio, os profesores de área e a xefatura do Departamento de Orientación. Este seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumnado e as súas posibilidades reais de integración no centro.

- Actividades extraescolares.

O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar: xogos, actividades deportivas, actividades lúdicas etc., que con carácter voluntario o centro, a ANPA ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar.

- Colaboración con outras entidades

O propio tecido social, as súas institucións, organizacións de voluntarios, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar.

Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

Neste sentido, a Delegación do Goberno, os Servizos Sociais do Concello, a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, así como as asociacións que traballan neste ámbito, prestan un servizo de gran utilidade.

F) DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS INTERCULTURAIIS

Desde a consideración de todos os alumnos/as como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias interculturais. Algunhas das accións a realizar poden ser:

- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro.
- Utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que reflectan a diversidade cultural.
- Poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.

- Promover un clima da clase que favoreza o intercambio constructivo de experiencias ou puntos de vista desde as diferentes culturas representadas polos alumnos/as.

- Etc.

G) EDUCACIÓN EN VALORES E PROMOCIÓN E CONTROL DA CONVIVENCIA

No marco das actuacións establecidas no Plan de Convivencia incidirase na formación dos alumnos/as nos valores das sociedades democráticas e dos dereitos humanos e na resolución pacífica de conflitos.

H) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Incidirase no uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos/as habilidades interpersoais e de traballo en equipo como:

- O diálogo construtivo,
- A aprendizaxe cooperativa.
- A escoita activa e a negociación.
- A valoración da diversidade.
- A responsabilidade persoal xunto co compromiso e as relacións solidarias.
- Titorización por parte de alumnado e familias.
- Colaboración con entidades e persoal que traballan co alumnado inmigrante e as súas familias.

I) ACTIVIDADES QUE INCORPOREN ASPECTOS QUE SUPOÑAN A INCORPORACIÓN DE ASPECTOS RELACIONADOS CO AUTOCONCEPTO, A AUTOESTIMA E A EDUCACIÓN AFECTIVO - SEXUAL

A. Actividades dirixidas ao alumnado.

- Actividades do programa Educación Responsable (“*Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*”). É un programa educativo que, ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promove a comunicación e mellora a convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. Os seus bloques de traballo son:

- Banco de ferramentas
- Lecturas e emocións.
- Literatura, emocións e creatividade

- Reflexarte

- Coro das emocións.

-Programa de Habilidades Sociais desenvolto pola Orientadora do centro ou polo profesorado titor e /ou especialista.

-Dinámicas de autoconñecemento, autoconcepto, autoestima, asertividade, toma de decisións, etc.

- Xogos inclusivos nos períodos de lecer.

- Faladoiros

- Charlas e obradoiros promovidos polo profesorado, ANPA, Concello, etc.

- Lecturas e reflexións

- Coñecer e valorar a diversidade familiar existente na actualidade e a súa terminoloxía.

- Normalizar a existencia de vínculos afectivos-sexuais entre persoas do mesmo sexo.

- Coñecer a realidade dos vínculos afectivos- sexuais, para madurar e desenvolver unha visión real dos mesmos.

B. Actividades dirixidas ao o profesorado

-. Seminario dentro do PFPP.

-. Asistencia a charlas.

-. Asistencia da cursos de formación do CFR ou CAFI .

-. Empréstito de fondos bibliográficos tanto do DO como da Biblioteca escolar.

-. Elaboración de materiais

C. Actividades dirixidas ás familias

-. Charlas a través da escola de familias.

-. Charlas e obradoiros promovidos pola ANPA.

-. Empréstito de fondos bibliográficos tanto do DO como da Biblioteca escolar.

J) ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES PARA PRE VIR POSIBLES SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

A. Actividades dirixidas ao alumnado.

- Realización de enquisas para coñecer o punto de partida.

- Actividades deseñadas para desenvolver ,dentro dos Contratos-programa, IGUALA-T e INCLÚE-T.

- Actividades deseñadas, dentro do Club de ciencia, para visibilizar as mulleres científicas.
- Contacontos
- Charlas e obradoiros subvencionados pola ANPA e polo concello.
- Faladoiros
- Lecturas e reflexións
- Fomentar entre os alumnos a participación no patio en espazos tradicionalmente femininos como a casaña, e nas alumnas a participación nos xogos, ben sexa baloncesto/fútbol ou noutros que se poidan organizar.

B. Actividades dirixidas ao profesorado.

- Seminario dentro do PFPP
- Revisión do uso da linguaxe na relación coas familias e na documentación escrita.
- Asistencia a charlas.
- Asistencia a cursos de formación do CFR ou CAFI
- Enquisas
- Empréstito de fondos bibliográficos tanto do DO como da Biblioteca escolar.
- Elaboración de materiais

C. Actividades dirixidas ás familias.

- Asistencia a charlas subvencionadas pola ANPA
- Asistencia a charlas a través da escola de familias.
- Participación da ANPA no deseño dun patio inclusivo.
- Enquisas
- Empréstito de fondos bibliográficos tanto do DO como da Biblioteca escolar.
- Colaboración coa fundación AMIGOS DE GALICIA na campaña de Nadal de recollida de xoguetes non sexistas.

K) ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE RAZA, SEXO, PROCEDENCIA E CONDICIÓN PERSOAL OU SOCIAL

- Participación en charlas organizadas pola escola de familias.
- Participación en diversas campañas de AMIGOS DE GALICIA.

- Proposta de lecturas por parte do DO ou do Equipo de Biblioteca.
- Visitas e intercambios educativos con Centros de Educación Especial (Ex. CAI Princesa Letizia...).
- Visitas e relatorios de experiencias persoais por parte de compoñentes de diferentes asociacións (ONCE...).

L) PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS PARA O ALUMNADO, A XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS, A DINÁMICA DE GRUPOS, E O TRABALLO COOPERATIVO

Os programas de adquisición e competencias sociais son desenvolvidos pola Orientadora do centro ou polo profesorado titor, co asesoramento, de ser o caso, da Xefa do Departamento de Orientación.

Ditos programas póñense en funcionamento cando se considera por parte da Orientadora, ou doutro docente, que é necesario para algún grupo de alumnos e alumnas .

A duración destes programas é variable.

- Tutoría entre iguais.

No momento actual non está en funcionamento a tutoría entre iguais, aínda que se valora a súa posta en marcha no 3º trimestre ou no comezo do vindeiro curso.

- Mediación escolar: A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas (D.8/2015- Art. 26). No momento actual non está en funcionamento pero valórase a posibilidade da súa posta en marcha no 3º trimestre ou no comezo do vindeiro curso.

M) AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a. (D.8/2015- Art. 25).

No momento actual non hai no centro un aula de convivencia, tanto pola ausencia de conflitos que leven a adoptar esta medida cun alumno como por falta de espazos.

O establecemento de : criterios e condicións para a atención do alumnado,

segundo os criterios da comisión de coordinación pedagóxica; o profesorado que atenderá

a aula de convivencia inclusiva; a Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia e o horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula, quedan pendentes de elaboración para a 1ª revisión que se faga do presente documento unha vez sexa aprobado.

3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS:

Realizaranse actividades de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

A. PREVENCIÓN

Actividades xerais:

- Dar a coñecer o protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- Realización de charlas a través da escola de familias.
- Asistencia a cursos de formación organizado por distintas entidades.
- Participación no Plan Director.

Actividades concretas:

1. No ámbito da titoría:

- Elaboración de normas de aula ás que se aludirá a miúdo para interiorizalas.
 - Emprego dos faladoiros para abordar o tema do acoso e ciberacoso.
 - Favorecer o traballo cooperativo e colaborativo.
 - Rol playing.
 - Desenvolver actividades do Banco de Ferramentas (dentro do programa de Educación Responsable) que favorezan a autoestima, a asertividade, a empatía, etc.

2. No ámbito do Departamento de Orientación.

- Propoñer actividades que favorezan a expresión das emocións, a autoestima, o autoconcepto, o autoconhecimento.
 - Facilitarlle ao profesorado dinámicas de cohesión de grupo.
 - Dinamizar as propostas de traballar habilidades sociais no ámbito das titorías con todo o

alumnado.

- Darlle estratexias de actuación ás familias.

3. No ámbito do Profesorado

• Manter a observación e vixianza dos lugares e tempos nos que adoita producirse o acoso: cambios de clase, corredores, recreos, entradas e saídas e baños, etc.

• Gañar a confianza do alumnado para que estes falen con liberdade sobre os seus medos e inquedanzas.

• Velar porque se desenvolva o Plan de Convivencia, para tentar alcanzar un clima de convivencia real, e facer prevención dos conflitos e acoso escola.

B. DETECCIÓN

No ámbito da titoría

• Establecer contratos de conduta nos que se impliquen o alumnado acosador, o titor ou titora e a familia, para desenvolver as habilidades sociais e solución pacífica de problemas.

• Favorecer a autoestima do alumnado acosado encargándolle responsabilidades na aula e dándolle estratexias diante do acoso.

Dende o Departamento de Orientación

• Facer un seguimento da evolución do alumnado acosado e acosador, coordinando as intervencións educativas.

• Poñer en funcionamento os contratos de conduta.

• Darlle estratexias de actuación ás familias, tanto dos acosados como dos acosadores, unificando criterios co equipo directivo

Dende o Equipo Directivo

1. A Dirección do centro adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. O mesmo tempo arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes do acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

3. Reestruturase, cando sexa necesario, o grupo de alumnos/as, tendo en conta sempre que os que deben cambiar de grupo son os acosadores e non os acosados.

DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS QUE DEBEN ADOPTARSE EN CASO DE DETECCIÓN DUNHA SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR PARA PÓRLLLE FIN, SEN PREXUÍZO DAS CORRECCIÓNS DISCIPLINARIAS QUE CORRESPONDAN

Paso 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun profesor ou profesora, titora ou titor ou equipo directivo. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará a Dirección do centro e, na súa ausencia, ao resto do equipo directivo.

Paso 2. Actuacións inmediatas.

Unha vez recibida a comunicación, a directora ou director convocará a titora ou titor do alumno ou alumna, o/a responsable de orientación e Xefatura de Estudos, para analizar e valorar a intervención necesaria.

Paso 3. Medidas de urxencia.

No caso de estimarse necesario, terán que adoptarse as medidas de urxencia necesarias para protexer a alumna ou alumno agredida e así evitar máis agresións:

- Medidas que garanten a inmediata seguridade da alumna ou alumno acosada, así como medidas de apoio e axuda.
- Medidas cautelares dirixidas á alumna ou alumno acosador.

Paso 4. Comunicación á familia.

A dirección do centro, coa debida cautela e mediante entrevista, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas de urxencia que se están adoptando.

Paso 5. Traslado da situación ao profesorado do alumno ou alumna acosado e Inspector.

A dirección informará da situación ao equipo de profesores e profesoras do alumnado. Ao mesmo tempo trasladará a información ao Inspector de Zona e, se se estima oportuno, a Asuntos Sociais e xudiciais en función da gravidade da situación.

Paso 6. Apertura dun procedemento disciplinario

A dirección nomeará instrutor do procedemento a unha profesora ou profesor que non pertenza ao equipo de profesores do alumnado encausado. Este buscará a información necesaria nas seguintes fontes:

- Recompilación da documentación existente sobre o alumnado. Opinións do profesorado.

- Observación sistemática dos seguintes indicadores: en espazos comúns, na clase, en actividades complementarias e extraescolares.

- Testemuñas.
- Aplicación de cuestionario de preguntas.

Non obstante, ao longo de todo o proceso deberán considerarse os seguintes aspectos:

- Garantir a protección dos menores.
- Preservar a súa intimidade e a das súa familias.
- Actuar de maneira inmediata.
- Xerar un clima de confianza básicas nos menores.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

Paso 7. Aplicación de medidas disciplinarias

Unha vez recibida a proposta de resolución do instructor, a Dirección adoptará as medidas disciplinarias correspondentes.

3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

O protocolo de absentismo será o seguinte:

- Inicio e apertura de expediente de absentismo, por parte do profesor tutor/a, con comunicación á xefatura de estudos (dentro dos 7 días naturais seguintes á data de superación de faltas de asistencia sen xustificar)

- Recompilación de información sobre as actuacións desenvoltas, pola xefatura de estudos.

- Entrevista coa familia por parte do profesor tutor/a, para analizar e resolver a situación. No caso de solucionarse o problema, archivarase o expediente. O tutor/a levantará acta da reunión.

- No caso de non producirse o arquivo do expediente, reunión coa familia por parte da xefatura de estudos, para tratar de buscar unha solución. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente. A xefa de estudos levantará acta desta reunión.

- A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo, indicando, cando menos:

- A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento do horario lectivo mensual.

- A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.

- No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.

- De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Concello de residencia do alumno/a, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais dende o inicio do expediente de absentismo.

3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA

• Formación do profesorado:

- Seminario dentro do PFPP sobre Desenvolvemento emocional, afectivo e social.
- Asistencia a charlas organizadas por diferentes entidades.
- Realización de cursos propostos polo CFR ou CAFI.

• Escola de familias.

No centro creouse unha escola de familias que funciona dende o curso escolar 2018-2019. Organízanse diferentes charlas que parten do interese manifestado polas familias.

3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A. Normas xerais de convivencia nas aulas:

▪ Relativas ao profesorado

- O profesorado (titor ou especialista) debe estar na aula, ás 9:00 para recibir ao alumnado.
- O profesorado titor esperará co seu grupo de alumnos/as ata que chegue o mestre/a especialista e viceversa.
 - O profesorado deberá dirixirse ao alumnado en ton respectuoso.
 - O profesorado ten a obriga de coñecer e intentar comprender ao seu alumnado, axudándolle a xestionar axeitadamente as súas emocións mediante o permiso e o diálogo.
 - O profesorado ten a obriga de canalizar a súa propia emoción de forma correcta. Se erra, debe pedir desculpas ao alumnado, educando co exemplo.

▪ Relativas ao alumnado

- Só se consumirán lambetadas nas aulas cando así o autorice o profesorado.
- Durante o desenvolvemento das clases o alumnado non entorpecerá a labor do profesorado nin a dos seus compañeiros/as.
- Todo o alumnado é responsable do mobiliario e material de clase , polo que deberá utilizalo de modo correcto.
- Durante a ausencia puntual do profesorado, o alumnado permanecerá sentado.
- O alumnado non poderá traer ao centro nin teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos .
- Só se permite o acceso ás aulas durante as horas lectivas a persoas alleas ó centro (pais, nais...) cando haxa unha actividade organizada polo profesorado, que será acompañada/o á aula por algún responsable do centro.
- O alumnado só sairá do centro cun adulto autorizado para a súa recollida e debidamente identificado, agás o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que teña a correspondente autorización.
- Cada titor/a será o encargado, en colaboración co alumnado, de elaborar, divulgar e dinamizar as normas da aula.
- Porase especial coidado en manter limpos os servizos hixiénicos, facendo un bo uso deles.

B. Normas xerais de convivencia durante o Período de Lecer:

Para o profesorado:

- Os tres docentes que fan garda no espazo de Educación Primaria estarán na zona correspondente: pistas, xogos de madeira, zona de setos.
 - Os dous docentes que fan garda no espazo de Educación Infantil estarán nas inmediacións do areeiro, un vixiando a zona verde e outro a de columpios.
- Os días de choiva, o alumnado de Infantil fará o recreo no ximnasio e o de Primaria nas aulas. Haberá un docente vixiando 1º e 2º, outro 3º e 4º e outro 5º e 6º de Educación Primaria.
- Cando falte unhas das persoas encargadas da vixianza, a xefatura de estudos designará a outra que a substitúa. Esta persoa será unha do equipo de biblioteca.
 - O alumnado que está na Biblioteca durante do período de lecer é responsabilidade dos docentes que se atopan en dito espazo.
 - De haber incidencias significativas, cubrirase o correspondente parte de incidencias situado en dirección.

Para o alumnado:

- O acceso ao interior do edificio principal non se levará a cabo ata o remate do recreo, excepto autorización docente.
- Non se permitirán os xogos violentos que poidan poñer en perigo a integridade física dos nenos/as.
- No caso de utilizar material deportivo ou lúdico específico no recreo, devolverase ao seu sitio unha vez rematada esta actividade.
- Todo o alumnado poderá participar nos xogos e deportes sen que se fagan discriminacións.
- Non se pode subir á valla que pecha o colexio.
- En caso de que caia algún balón fóra do recinto escolar, comunicáraselle ó profesorado de vixianza. Será recollido polo profesorado de garda.
- Manteranse limpos os patios. Utilizaranse os colectores.
- Todo alumnado lesionado/a acudirá ó profesorado de garda, quen intervirá de acordo ó establecido no protocolo de emerxencia e co establecido no apartado relativo a asistencia a alumnado accidentado.
- O alumnado irá directamente para ás súas aulas cando entra a clase despois do recreo.

C. Normas xerais de convivencia nos espazos comúns:

Corredores

- O desprazamento farase camiñando e de xeito ordenado.
- Poderase falar en voz baixa, sen molestar ao alumnado e profesorado que está realizando outras actividades.

Biblioteca

- Manter un ton baixo para non molestar, respectando aos demais .
- Evitar desprazamentos e ruídos innecesarios.
- Coidar o material.
- Devolver os libros ó andel correspondente, tendo en conta a sección e a orde alfabética.
- O empréstimo é realizado polo profesorado de garda de biblioteca ou polo titor/a correspondente.
- Tódolos cursos terán unha hora semanal de biblioteca, á que irán acompañados polo seu titor/a.

D. Dereitos e Deberes:

● Do alumnado

Atópanse recollidos no artigo 7 da lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e son os seguintes, sen máis distinción que as derivadas da súa idade e do nivel que estean estudando:

Dereitos

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no artigo IV da Lei 4/2011) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Ademais todos os membros/as da comunidade educativa están obrigados/as a respectar os dereitos que se establecen no Real Decreto 732/1995 no cal se basea a enumeración dos seguintes dereitos:

1- A unha xornada de traballo escolar acomodada á súa idade e a unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.

2- A non discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social ou conviccións políticas, morais ou relixiosas.

3- A non discriminación por razón de discapacidade física, sensorial e psíquica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4- Ao establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.

5- Á valoración obxectiva do seu rendemento escolar, para isto faranse públicos os criterios xerais que se aplicarán para a avaliación e a promoción do alumnado.

6- A reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao rematar un ciclo ou curso de forma motivada, nos 5 días seguintes á data de avaliación.

7- A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses, e nestas basearase unicamente dita orientación e excluírse toda posible diferenciación por razón de

sexo.

8- A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

9- A información, antes de formalizar a matrícula, sobre o PE ou sobre o carácter propio do centro.

10- A elección por parte dos pais/nais ou titores/as legais da formación relixiosa ou moral que resulte acorde coas súas crenzas ou conviccións.

11- A que se garanta a reserva sobre toda aquela información de que se dispoña no centro acerca das súas circunstancias persoais e familiares.

12- A liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións.

13- En caso de accidente ou enfermidade prolongada, o alumnado terá dereito á axuda precisa para que o accidente ou enfermidade non supoña detrimento no seu rendemento escolar.

Deberes.

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través de canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir á clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.

Ademais todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados ao respecto dos deberes que se establecen no Real Decreto 732/1995 no cal se basea a enumeración dos seguintes deberes:

- 1- Respetar o dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.
- 2- Respetar o proxecto educativo e o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.
- 3- Participar na vida e funcionamento do centro.

- Do profesorado

Recollidos no artigo 8 da lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia. A adscrición funcional, horarios, puntualidade e funcións no cap. V do anexo do ROC, Título III, artigo 80 e 81 e na Orde do 28 de xuño de 2010).

Deberes e dereitos recollidos, xunto co código de conduta ético e o réxime disciplinario como funcionarios públicos na Lei 7/2007 de 12 de abril “del Estatuto básico del empleado público” (BOE del 13 de abril) así como polo decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Dereitos.

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- d) A desenvolver o seu labor educativo nas condicións axeitadas.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de Xuño.
- g) Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
- h) A ser informado a todo o relativo ao funcionamento do centro.
- i) A desenvolver opinións, suxestións, queixas...diante dos órganos de goberno do centro.
- k) A percibir dietas por participar voluntariamente en actividades extraescolares que se

desenvolvan fóra do horario lectivo, segundo se recolle na resolución do 29 de decembro de 2005 (Dog 30/12/ 2005)

Ademais disto o artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece a condición de autoridade pública do profesorado.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades extraescolares e complementarias, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros/as da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

Deberes.

a) Coñecer, respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.

b) Manter en todo momento unha actitude de respecto cara o lugar e persoas coas que se está traballando, amosando corrección nas formas e habilidades sociais á hora de confrontar os posibles problemas que xurdan.

c) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndolas en coñecemento dos membros do Equipo Directivo do centro.

d) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

e) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e

integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

f) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

g) Asistir puntualmente a tódalas actividades escolares. As ausencias comunicaranse antes ao Xefe de estudos, e de non preveelas notificaranse o antes posible co fin de organizar a situación pertinente. O profesorado deixará traballo cando non poida asistir.

h) Acatar os acordos do Claustro tomados por maioría.

i) Facer as programacións correspondentes das áreas que imparte.

k) Colaborar nas actividades do centro segundo as conmemoracións que marca o calendario escolar e o equipo de actividades extraescolares e complementarias.

l) Estar presente e asistir ás actividades tanto escolares como complementarias, organizadas dentro do horario lectivo, responsabilizándose do alumnado.

m) No caso de alumnos/as con necesidades educativas, que asiste a clases de apoio, deben coordinarse co profesor de apoio que imparte docencia.

n) O profesorado fará gardas de custodia e recreo como se recolle na Orde do 23 de Xuño de 2011 (Dog 30/06/2011) polo que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente.

o) Os mestres titores/as cumprirán coas actuacións que lles asinan na normativa vixente. (Decreto 374/1996 do 17 de Outubro).

- Das familias

Recollidos no artigo 6 da lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia.

Dereitos.

Os/as pais/nais, en relación coa educación dos seus/súas fillos/as teñen os seguintes dereitos:

-A que os seus fillos e fillas reciban unha educación conforme os fins establecidos na Constitución e nas leis.

-Á libre elección de centro.

-A que os seus fillos e fillas reciban unha formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos do centro.
- A participar na xestión e organización do centro nos termos establecidos nas leis.
- A ser informados polo titor/a sobre a actividade educativa do seu fillo/a.
- A presentar propostas e queixas razoadas para ser tratadas polo Consello Escolar ou por outros órganos de goberno a través dos seus representantes.
- A ser recibidos, previa solicitude no horario ao efecto, polo titor/a dos seus fillos e fillas.
- A ser informados da programación xeral anual e das actividades extraescolares.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro e ser informados e oídos sobre as faltas, as posibles sancións e decisións que afecten aos seus fillos e fillas.
- A propoñer a modificación destas normas por medio dos seus órganos de representación.

Deberes.

Os/as pais/nais ou tutores son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Deste feito se desprenden as súas obrigas co centro:

- Adoptar as medidas precisas, ou solicitar axuda en caso de dificultade, para que os seus fillos e fillas cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente ás clases.
- Estimular aos seus fillos e fillas para que leven a cabo as actividades de estudos que se lles encomenden.
- Coñecer e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e o centro.
- Respectar os horarios establecidos e que o seus fillos asistan con puntualidade todos os días ao colexio e en perfecto estado de aseo.
- Xustificar as faltas de asistencia, así como as saídas en horas lectivas.
- Respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro.
- Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Proporcionar aos fillos e ás fillas o material escolar necesario. Contemplanse aqueles casos nos que a familia careza de recursos.

-Acudir ao centro cando sexa requirido.

-Informar ao profesorado sobre as posibles deficiencias físicas ou psíquicas do seu fillo/a e colaborar na adopción das medidas pertinentes.

● Do persoal de Administración e Servizos.

Recollidos no artigo 9 da lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.

Composición: coidador/a, conserxes e persoal de limpeza.

Dereitos.

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas función.

- A desenvolver as súas función nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- A participar , no exercicio das súas función , na mellora da convivencia escolar.

- A protección xurídica adecuada ás súas funcións.

- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da citada lei.

Deberes.

- Respetar e colaborar , no exercicio das súas función , para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular , das situación de acoso escolar.

- Informar aos responsables do centro docente e ,de ser o caso, a Administración educativa das alteracións da convivencia gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo que teña coñecemento.

3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.

Están recollidas no Decreto 8/2015 que desenvolve a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras (condutas leves contrarias á convivencia):

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras (condutas leves contrarias á convivencia):

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do Decreto 8/2015. A persoa titora debe rexistrar este tipo de condutas na aplicación Xade.

c) A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, ou a persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

d) A persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do Centro.

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA, MEDIDAS CORRECTORAS, RESPONSABLES E PROCEDIMENTOS DE CORRECCIÓN

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. *Esta medida terá carácter excepcional.*

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións correspondentes, tal como figura na Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa.

-Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).

A designación da persoa que actuara como instrutora do procedemento corrector responderá ás directrices sinaladas nos puntos 3 e 4 do artigo 48 do DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro,

polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

-Gradación das medidas correctoras (art.34)

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

-Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º)

Para o desenvolvemento do procedemento conciliado seguirase o regulado nos artigos 49, 50 e 51 do citado Decreto.

-Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

3.7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei de Convivencia, no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A Comisión de Convivencia estará composta polas persoas representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

As funcións da comisión de convivencia serán as seguintes:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro, persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

3.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, no título III, enumera os órganos de coordinación docente dos centros (equipos de ciclo, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística, equipo de actividades complementarias e extraescolares) e recolle todo o relativo a súa organización e funcionamento.

A LOE-LOMCE fai referencia, ao abordar no Título V dedicado á participación, autonomía e goberno dos centros, aos órganos de coordinación docente e de orientación que, xunto cos de goberno, son os piares do funcionamento dos centros educativos.

A. Coordinación e colaboración interna

Entre o Profesorado:

- **Equipo directivo:** réunese unha vez á semana, dentro da redución horaria por cargo directivo.

- **CCP:** réunese unha vez ao mes. Concretamente, os terceiros martes de mes.

- **Membros do DO:** reúnen-se unha vez ao mes (3º martes de mes).

- **Persoas titoras e especialistas:** reúnen-se semanalmente segundo o funcionamento establecido no centro: Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria, e Contextos (de 3º a 6º de EP).

- Cada semana os mestres das distintas especialidades reúnen-se cun dos grupos anteriormente mencionados.

- **Equipos:** ademais do equipo de Educación Infantil, no centro reúnen-se as persoas titoras de 1º e 2º nivel de EP, as persoas titoras de 3º,4º,5º,6º de EP. Esta reunión desenvólvese dous martes ao mes.

- **Equipos pedagóxicos:** no centro funcionan catro equipos pedagóxicos (Convivencia, Biblioteca, TIC, Ecoloxía) que se reúne quincenalmente e eleva propostas á totalidade do Equipo Docente nas reunións xerais dos martes pola tarde.

- **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:** formada por oito docentes que se reúnen unha vez ao mes.

- **Equipo de Dinamización Lingüística:** formado por oito docentes que se reúnen unha vez ao mes.

- **Equipo de Orientación:** formado pola Orientadora, a mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e a mestra especialista en Audición e Linguaxe (AL). Reúnense os 1º e 3º martes de cada mes.

- **Outras reunións:** que poidan xurdir e se considere que son de interese.

- **Emprego do correo corporativo :** a través de el envíanse tanto as convocatorias de reunión e actas como outras informacións que poidan ser de interese.

- **Emprego da App Abalar Móbil.**

Coas familias:

- Reunión xeral de principio de curso

- Tutorías

- Horario de atención ao público por parte do Equipo Directivo.

- Horario de atención a familias por parte da Xefa do Departamento de Orientación.

- Emprego da App AbalarMóbil

- Taboleiro de novas.

- Páxina Web.

- Reunións coa ANPA

- Correo electrónico coas familias e persoal non docente así como representante do concello que forma parte do Consello Escolar, para o envío de convocatorias e actas.

- Teléfono, para citacións ou avisos.

B. Coordinación Externa

Relación con centros adscritos

-Reunións de coordinación trimestrais coa Orientadora do centro adscrito.

-Unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de Educación Primaria, na que participan as Orientadoras do colexio e do IES, así como o titor/a de 6º de Educación Primaria.

Reunión con outros centros da zona

-Reunión trimestral coas Orientadoras dos centros educativos de San Roque, Xulio Camba, Faro das Lúas, A Illa e A Basella.

Reunión con Servizos Sociais

-A Orientadora reúnese, como mínimo, unha vez ao trimestre coa Educadora Familiar.

Reunión co servizo de atención temperá e gabinetes:

A persoa titora dunha alumna ou alumno que acuda ao servizo de atención temperá ou a un gabinete, así como a Orientadora do centro, poderán manter reunións de coordinación coas mesmas, previa autorización da familia.

3.9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Será o Equipo de dinamización de convivencia, quen de acordo coas súas funcións e obxectivos, se vai encargar de todo o relacionado coa difusión das actuacións e actividades relacionadas coa convivencia e co Plan de convivencia do centro. Trasladará as propostas que partan do centro escolar para divulgar e dinamizar o Plan de convivencia á Comisión de convivencia.

Para difundir as actuacións e os seus resultados poderá empregar ferramentas como:

- Web do centro.
- Reunións de comezo de curso.
- Boletíns informativos.
- Taboleiro de novas
- Elaboración de informes, cuestionarios e enquisas.
- Etc.

Asemade, colaborará en xeral todo o profesorado e, en particular, o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.

3.10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Correspóndelle á comisión de convivencia o seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan, durante as sesións programadas para a súa reunión trimestral.

Para a avaliación da adecuación das medidas propostas, incluíranse indicadores de logro que faciliten a análise das actuacións desenvolvidas.

As propostas de mellora serán entregadas polo equipo directivo a principio de curso coa fin de que sexan guía e punto de partida para a programación anual de actividades.